



## **RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES DEFINITIVAS DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE E EXCLUÍDAS NO CADRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA ERASMUS+ KA131 PARA PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR NO 2024 (1º PRAZO)**

Mediante a resolución reitoral de 06 de outubro de 2023 publicouse a convocatoria de axudas para a participación do persoal docente e investigador no programa Erasmus+ no ano 2024, no marco da acción KA131 e no cadro dos proxectos 2022-1-ES01-KA131-000057193 e 2023-1-ES01-KA131-HED-000123668. Despois de publicar o 12 de decembro de 2023 as listaxes provisórias de solicitudes admitidas e excluídas ao 1º prazo da convocatoria e feita a revisión da documentación achegada no prazo da enmenda, esta reitoría

### **RESOLVE:**

1. Publicar a relación definitiva de solicitudes admitidas a trámite no 1º prazo no Anexo I.
2. Publicar a relación definitiva de solicitudes excluídas no 1º prazo no Anexo II, coa mención da causa de exclusión.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderáse interpor recurso perante a xurisdicción contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producirá a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica  
O REITOR,  
Por delegación R.R. do 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)  
A Vicerreitora de Internacionalización

María Isabel Del Pozo Triviño